

Roberto Blanco Torres na lembranza

Francisco Fernández del Riego

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (2011 [1986]). “Roberto Blanco Torres na lembranza”. *Alborada. Órgano de Difusión do Centro Galego de Barcelona*: 1986, 21-22. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/371>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (1986). “Roberto Blanco Torres na lembranza”. *Alborada. Órgano de Difusión do Centro Galego de Barcelona*: 1986, 21-22.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROBERTO BLANCO TORRES NA LEMBRANZA

Foi periodista e poeta. Segundo o Rexistro Civil recibiu esta pluralidade de nomes: Roberto María, Manrique, Manuel, Raimundo, Gabriel, Cirilo, Braulio e Eduardo. Nacera na vila pontevedresa de Baños de Cuntis o 18 de maio do 1891. Fillo dun segredario de xuzgado municipal e dunha mestra de escola, adprendeu co seu pai —que fora seminarista e ordeado do maiores— coñecementos do latín. Formouse despois, como autodidacta, en leituras varias que lle proporcionaron unha sólida cultura.

Moi mozo aínda comezou a colaborar na prensa, e un día, alá polo 1913, emigrou a Cuba. Na Habana entregouse de cheo á actividade periodística, e desde alí mandaba crónicas aos xornais galegos, empregando a miúdo o pseudónimo de "Fray Roblanto". Con outros escritores coterráneos seus, participou nas loitas que na illa antillana mantivo a Galicia emigrada. De pensamento progresista, Blanco Torres distinguiuse polo seu intenso labor a prol do movemento agrarista primeiro, e ulteriormente do inspirado polo galeguismo. Grande amigo de Antón Vilar Ponte, sintonizou decontado coa ideoloxía que este andivo a esparexer a través das "Irmandades da Fala".

Ao pouco tempo de encetar a "Irmandade" coruñesa o ano 1961 a súa acción, o periodista de Cuntis regresou ao país natal. Colaborou de primeiras en "A nosa terra", e a partir de entón significouse como articulista intelixente nunha tarefa diaria de espallamento dos ideais galeguizadores. Consagrada xa a súa pluma áxil e aguda, pasou a dirixir "El Correo Ferrolano", oa propio tempo que firmaba artigos en "El Sol" de Madrid. Basilio Alvarez levouno máis tarde a Ourense para se responsabilizar na dirección de "La Zarpa". Neste xornal realizou campañas sonadas, que mantivo ata a chegada da Dictadura de Primo de Rivera. Con posterioridade exerceu como Xefe de Redacción do periódico vigués "El Pueblo Gallego".

Librou Blanco Torres neses anos unha das máis compridas batallas que a intelixencia e o patriotismo libraron pola reforma e saneamento de Galicia. Escribiu e viviu actuando arreo ao servizo da terra propia. Logo de se instaurar a República no 1931, dirixiu en Pontevedra,

durante algún tempo, "El País". Militante na política do novo réxime, desempeñou o Goberno Civil de Palencia, e últimamente a xefatura do Gabinete de Prensa de Azaña. Naquel entón presidiu no Teatro Alcázar de Madrid un importante acto de propaganda do Estatuto Galego, no que interviron os deputados Emilio González López, Edmundo Lorenzo, e, en representación do Partido Galeguista quen esto firma.

A pouco de se producir tal celebración, Blanco Torres trasladouse a Galicia para pasar aquí as vacacións estivais. O dramático acontecemento do 18 de xullo sorprendeuno na parroquia do Amido, onde descansaba na compañía da súa muller. Ali permanecen agachado ata o mes de outono. Pero o día 4 de outubro do 1936 descubriuse o seu cadáver no lugar de San Félix de Gales, pertencente ao concello de Entrimo. Supúxose que fora asesinado preto de coarenta horas antes. O seu corpo foi soterrado no camposanto do devandito lugar.

En "De esto y de lo otro", volume publicado pola Editorial "Nós", figura unha escolma representativa dos artigos dados a coñecer polo escritor. No obstante, o seu labor como articulista non se limitou aos escritos en lingua castelá, senón que foron moitos tamén os que apareceron, firmados por el, na nosa fala. Pero, ademais de como periodista, Roberto Blanco Torres destacou como poeta. En xornais e revistas amosou algunhas das súas mellores composicións. Mais onde revelou o seu verdadeiro acento poético foi no libro "Orballo da media noite". Nel reflexa, líricamente, as inquietanzas que o desacougaban, e, ao propio tempo unha a xeito de autoconfesión. A linguaxe adquire nos versos un carácter representativo-simbólico. O poeta revela neles unha certa preocupación metafísica, e tamén unha arela panteísta que enche a natureza de significados conceituais. O arbore, o xunco, o grilo, a lúa veñen ser como símbolos dun tras-mundo humano.

Entre Filosofía e Poesía existen, xa que logo, profundas concomitancias. Desta recíproca concomitancia dan proba algúns dos poemas. Porén, ao conxunto trascende sempre un an-

ceio de liberdade, e, asimesmo, un refugo do vicio, do convencionalismo mintireiro e do tempo corrompido. Neste aspecto pode se considerar ao autor como un poeta civil. No orde do seu panteísmo lembra un algo, se cadra, a Teixeira de Pascoaes. No aspecto satírico-rechineiro evoca a Cabanillas. A súa poesía desbota, en algun caso, todo o que non encaixa dentro dunha visión de pureza navida, e nas relacións dos homes.

Sen crebar de súpeto os vellos moldes poéticos, Blanco Torres fixo unha lírica de fondo moderno para o seu tempo. Non recuou tampouco perante as imaxes arriscadas, e o seu pensamento fuxiu polo xeral da retórica. Quíxose presentar mellor como poeta espido e diáfano, valéndose ás veces dun certo vulga-

rismo unamuniano. Porque o autor de "Orballo da media noite" foi un asíduo de Unamuno, e un dos poucos que daquela o admiraban no que era merecente de admiración.

Xornalista e polemista de tendencia filosofante, Blanco Torres reflexou na súa poesía este mesmo acento. O seu nome e a súa obra apenas son coñecidos das novas xeneracións. E resulta obrigado, nestes días, a vivecer a memoria de quen consagrou unha boa parte da súa vida, á exaltación dos valores autóctonos.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
